




Nace en Tui, o 4 de febreiro de 1915.
No seu bautizo, impuxéronlle os
nomes de JOSÉ MARÍA AMALIO
GERARDO E IGNACIO inda que el só
usará os dous primeiros en galego e
castelán indistintamente.

TUI



A súa nenez transcorre en Tui
(onde viven os seus avós
paternos e o seu tío e
padriño Xerardo) e en Baión
(Vilanova de Arousa) onde
seus pais tiñan unha casa
para pasar os veráns.



A súa casa estaba na rúa do Rollo, nome que seguramente se deba a que nesa encrucillada das aforas da poboación estivo o "rollo" (nome castelán da picota) para expoñer á vergoña pública ós condenados. De aí un dos pseudónimos que utiliza para escribir Pepe do Rollo.

Xosé María, aínda que fillo do médico, relaciónase de cativo cos nenos e as nenas da contorna, fillos de labregos o xente obreira. Participa con eles nos xogos daqueles tempos. Unha brincadeira moi corrente por aqueles tempos era pórllle nomes aos penedos, ás arbores, regueiros....

Xosé María e os seus irmáns, gozan durante a súa nenez e adolescencia, dun ambiente cultural propicio e moi estimulante tanto na súa casa, como na dos seus familiares. O seu interese pola poesía, xa se aprecia nel dende pequeniño dando a coñecer con quince anos, os seus primeiros versos en xornais tudenses e pontevedreses.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ